

*Facultade de Ciencias  
Económicas e Empresariais*

*Guía de boa  
convivencia*

Aprobada na Xunta de Facultade  
do 17 de decembro de 2020

O obxectivo desta Guía é establecer unhas normas básicas de comportamento baseadas no sentido común e no respecto a todas as persoas que acoden diariamente á Facultade, configurando o ambiente e a cultura do noso centro.

Esta Guía pretende recoller un conxunto de pautas que se consideran necesarias para garantir a boa convivencia, aspirando a salvagardar valores universais como o respecto, a honestidade, a liberdade, a responsabilidade, o espírito cívico, a xustiza, a diversidade, a igualdade, o coidado do medio ambiente...

Estes valores universais son principios básicos de convivencia e deben reflectirse na actividade diaria, co obxecto de visibilizar a responsabilidade social de todas as persoas da nosa comunidade universitaria.

As seguintes indicacións non pretenden esgotar todos os posibles supostos que podan xurdir na convivencia na nosa Facultade, pero intentan establecer unhas directrices básicas que deben ser cumpridas.

## **A NOSA COMUNIDADE**

Forman a comunidade universitaria regular da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias o persoal de administración e servizos (conserxería, biblioteca, servizos administrativos..), o alumnado (graos, posgrao...), os investigadores e investigadoras (vinculados a algún programa público, a proxectos de investigación...) e o profesorado de plantilla.

Tamén forman parte da comunidade universitaria o alumnado que visita a FCEE mediante programas de intercambio e o profesorado e investigadores/as que visitan algún Departamento durante estadias curtas.

Aínda que formalmente non forme parte da comunidade universitaria, o persoal que atende os servizos básicos de funcionamento (limpeza, cafetería, reprografía..), será tratado coas mesmas normas que o resto.

## **NORMAS XERAIS**

1. Os membros da nosa Facultade deberán observar un comportamento ético en todas as facetas da vida universitaria.
2. As relacións entre os membros da nosa comunidade universitaria deben basearse no respecto mutuo, a cortesía e o recoñecemento da dignidade das persoas, calquera que

sexa a súa condición. Todas as persoas teñen o dereito a ser tratadas de forma correcta, conforme ás regras de educación imperantes en cada momento. Reciprocamente, teñen tamén o deber de observar ditas regras.

3. A honestidade académica é un valor imprescindible no ámbito da docencia, da investigación e de calquera actividade profesional. Calquera membro da nosa Facultade está obrigado a actuar sempre baixo este principio.
4. Os membros da nosa comunidade universitaria deben evitar actitudes molestas que impidan ou dificulten a normal prestación das actividades docentes, de investigación, de estudo, de xestión administrativa ou a celebración de actos académicos.
5. Todos os membros da Facultade teñen o deber de coidar e usar correctamente as instalacións, bens, equipos, etc., así como facer un uso racional dos recursos (auga, enerxía, etc.).
6. Tratarase sempre de usar as papeleiras para depositar os residuos e, cando estean dispoñibles, realizarse a súa separación nos contedores apropiados para cada tipo de residuo.

#### **COMPORTAMENTO NAS AULAS**

7. Só terá dereito a asistir ás actividades lectivas vinculadas a unha materia o alumnado matriculado nela (salvo as excepcións contempladas pola Universidade de Vigo cando é unha causa *allea* a que impide formalizar a matrícula). O profesorado responsable de cada actividade poderá autorizar, cando así o considere, a asistencia doutras persoas non matriculadas.
8. O alumnado asistente a unha actividade lectiva terá a obriga de identificarse, se fose requirido a iso, polo profesorado responsable da actividade.
9. Todos/as os/as participantes nunha actividade docente gardarán a debida puntualidade na entrada e saída de clase. Unha vez iniciada unha actividade docente, e ata a súa finalización, non se poderá entrar nin saír da aula física, salvo autorización do profesorado responsable da actividade.
10. Por respecto á actividade docente, non procede comer nas clases e deberá acudirse con indumentaria apropiada (non levar posta gorra, capucha, cascos...)

11. Os/as usuarios/as das mesas e pupitres evitarán o uso desa superficie para realizar anotacións debido a razóns estéticas e co gallo de evitar molestias os/as traballadores/as da limpeza e/ou o uso de produtos corrosivos.
12. O profesorado debe garantir que deixa a pizarra e os aparellos electrónicos de uso común (canón, ordenador, setas de son e webcams...) no mesmo estado que os recibe: pizarra limpa e aparellos desligados.
13. O alumnado asistente ás actividades docentes deberá prestar a atención debida na aula e absterse de realizar calquera acto que impida ou dificulte o bo desenvolvemento da clase.
14. O profesorado debe asumir que a súa conduta debe ser exemplar para os estudantes, exercendo a autoridade asociada de forma comedida, dando valor ás opinións dos estudantes e abrindo espazos para un diálogo construtivo.
15. Se a conduta dalgún/ha estudante non permite o desenvolvemento normal das actividades académicas, o/a profesor/a chamará á orde. Se a conduta persiste, poderá solicitar ao/á alumno/a o abandono do espazo docente, aos efectos de poder continuar con normalidade a actividade académica. Nestes casos o/a profesor/a deberá pór en coñecemento do Decanato os feitos ocorridos.
16. Durante o transcurso das clases deben apagarse os dispositivos electrónicos, salvo que o/a profesor/a permita o uso dalgúns deles. En todo caso, non se poderán utilizar para usos distintos dos establecidos polo profesorado. Neste senso, se poderá impor a saída da aula ao/á estudante que incumpra a prohibición da utilización de dispositivos electrónicos non autorizados.
17. Non se permitirá facer fotografías nin gravacións de audio ou vídeo durante as actividades docentes na aula, salvo consentimento expreso do profesorado responsable da actividade e de quen poida ser obxecto da fotografía ou gravación.

#### **COMPORTAMENTO NAS PROBAS DE AVALIACIÓN**

18. Ademais do profesorado responsable e quen deba axudarlle, só poderá estar presente nas probas de avaliación dunha materia o alumnado que se atope matriculado nela (salvo as excepcións contempladas pola Universidade de Vigo cando é unha causa allea a que impide formalizar a matrícula).

19. O alumnado que tome parte na realización de probas terá a obriga de identificarse se o profesorado responsable da actividade o require. A aquela persoa que non conte con documentación que lle permita identificarse pódesele impedir a realización da proba.
20. O alumnado debe acudir ás probas de avaliación exclusivamente co material que o profesorado responsable da materia autorice para a súa realización, debendo depositar todos os demais no lugar da aula que se indique para facelo. A perda, deterioro ou rotura dos materiais non autorizados non será responsabilidade do profesorado nin da Facultade.
21. Particularmente, os/as estudantes non poden acceder aos recintos onde se celebren probas de avaliación presenciais portando calquera dispositivo electrónico que permita a comunicación ou o almacenamento de datos (móviles, tablets, smartwatches, etc.) salvo que o tipo de avaliación o requira e o/a profesor/a responsable o autorice.
22. Supostos como falsear ou defraudar os sistemas de comprobación do rendemento académico, suplantar a personalidade doutro individuo ou realizar plaxio suporán a cualificación de *Suspense* nesa proba e serán postos en coñecemento da autoridade universitaria competente.
23. Salvo que o profesorado o autorice, os/as estudantes, unha vez iniciada a proba, non poden manter entre eles comunicación algunha nin intercambiar ningún tipo de material.
24. Non se permitirá facer fotografías nin gravacións de audio ou vídeo durante o desenvolvemento de calquera proba de avaliación, salvo consentimento expreso do profesorado responsable da proba e de quen poida ser obxecto da fotografía ou gravación.
25. Está prohibido apoderarse, por calquera medio fraudulento ou por abuso de confianza, do enunciado das probas, antes, durante ou despois da súa realización, xa sexa en beneficio propio ou alleo.
26. Unha vez iniciada a proba non se pode saír da aula ata que o profesorado responsable o autorice.
27. A entrega, por parte do alumnado, da proba realizada, debe facerse de forma ordenada e seguindo as instrucións do profesorado.

### **COMPORTAMENTO NA REVISIÓN DE EXAMES**

28. No caso de revisións presenciais de exames, o alumnado deberá gardar silencio mentres non chega a súa quenda para ser atendido, co fin de non xerar molestias a outros membros da comunidade universitaria que poidan atoparse en dependencias adxacentes ás do lugar onde se realice a revisión.
29. A revisión de exames deberá realizarse nun ambiente de respecto mutuo, gardando as debidas formas que a educación obriga.
30. Soamente está autorizado a asistir ó acto de revisión o alumnado que realizou a proba, salvo circunstancias especiais debidamente xustificadas e autorizadas de forma previa polo profesorado.
31. Non se permitirá facer fotografías nin gravacións de audio ou vídeo durante a revisión de probas, salvo consentimento expreso do profesorado responsable e de quen poida ser obxecto da fotografía ou gravación.
32. Está prohibida a subtracción, alteración ou destrución das probas de avaliación xa realizadas, sexa en beneficio propio ou alleo.